



*Procedemento* Subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración.

*Código* AU300A

*Bases reguladoras* Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT- UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A) (DOG 24.03.2021).

*Resolución do 19 de abril de 2021 pola que se modifica a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). (DOG 23.04.2021), (Corrección de erros DOG 30.04.2021).*

*Resolución do 18 de novembro de 2021 pola que se modifica a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A).*

## **OBRA: MELLORA NAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE COSPEITO**

Instalación dun sistema de medición e regulación de calidade da auga potable de saída das ETAPs cara aos diferentes depósitos, mediante a incorporación de novos sistema de medición de parámetros de calidade da auga tratada nos depósitos e así como a implementación de todas as instalacións dentro do Sistema de Telegestión do Abastecemento do concello de Cospeito. Ademais disto propóñense actuacións puntuais noutros equipos que actualmente presentan un funcionamento deficiente ou están estragados.

Consíguese a mellora nas instalacións de abastecemento: na Estación de Tratamento de Auga Potable ( ETAP) de Piñeiro, na Estación de Bombeo da Captación ( EBAL) nas proximidades do río Fulín para o abastecemento ao Depósito de Auga Potable ( DAP) de Feira do Monte, e nos DAP de Feira do Monte, de Arneiro, de Piñeiro e de Muimenta. Estas actuacións van dirixidas a reforzar e asegurar a adecuada subministración desde as ETAPs e desde os depósitos e a mellorar o seguimento da calidade da auga fornecida.